



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO CONCELLO PLENO DO DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2013.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO(PP)

Concelleiros/as

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ(PP)

D.^a MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.^a NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO (PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.^a MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D.^a VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D^a M^a ÁNXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

AUSENTES :

Secretario Xeral

D^a Silvia Alonso Fernández

Interventora de fondos

D.^a Eva García Fernández

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 19:00 horas do día 26 de febreiro de 2013 reúnese en sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres.-/as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



1- PRONUNCIAMENTO DA URXENCIA DA SESIÓN

Pola Presidencia procede a aclarar o pronunciamento da urxencia da sesión.

O motivo da urxencia é a aclaración da súa situación patrimonial a raíz das publicacións aparecidas nunha revista de tirada nacional e nalgúns medios comunicación.

Sen máis sométese o asunto a votación, resultado aprobado por unanimidade **“Pronunciamento da urxencia da sesión”**

2- EXPLICACIÓN DA SITUACIÓN PATRIMONIAL DO ALCALDE

Pola Presidencia inicia a súa intervención.

Agradece aos medios de comunicación a súa presenza e e sobre todo aos asistentes, aclara que se convocou este Pleno extraordinario e urxente para aclarar a súa situación patrimonial, despois dunha denuncia anónima na fiscalía, e as publicacións aparecidas en distintos medios.

Empezar dicindo que sei que os que me coñecen teñen confianza en min e iso xa mo demostraron durante mais de vinte e cinco anos por eso estou moi satisfeito de ter a oportunidade como dixen antes de explicar aquí e diante de todos os meu veciños cal é a miña situación patrimonial para que non quede nin a máis mínima dúbida aínda que sei que para algúns que non van querer ver a realidade por moito que lles vaia a explicar, en todo caso iso é problema deles, entón dito isto quero empezar dicindo que despois dunha denuncia anónima na fiscalía a Axencia tributaria incuou un expediente tributario sobre os meus bens e sobre os meus ingresos tal como poden ver e lles darei despois aos medios de comunicación e tamén aos grupos políticos unha copia deles que lles vou a entregar como dixen antes ao final. A parte disto loxicamente, aparte de darlles aos medio de comunicación y á oposición se vai a publicar na páxina web tanto do Concello como da Deputación como habíamos quedado en ambos plenos. Esta inspección tributaria que me fixo facenda a min como persoa física, e a empresa na que formo parte Psico-Bluster e AlbaMaria e máis ao meu entorno familiar terminou como van ver vostedes sen ningún problema, gracias a Dios, e llo vou a demostrar porque teño aí as copias, inspeccionáronme os catro últimos anos, 2007, 2008, 2009 e 2010, tendo como resultado para facenda no caso do IVE sanción cero, como poderán ver, noutro caso, en relación ao IRPF, distes catro anos, bueno pois hai un pequeno desequilibrio, vostedes saben que isto é como cando para a Guarda Civil a un coche, se non te multa polas rodas múltate polo espello, algo sempre che cae, pois a min caéronme de sanción, por facer mal os cálculos, non por outra cousa, distes catro anos, xa o verán



vostedes, 16.000 euros, esa é a sanción total que me cairon, bueno, chegoulle ben a verdade sexa dita, en todo caso, no tocante ao patrimonio nada que dicir, xustificado total e absolutamente, total e absolutamente, e xa verán vostedes aí que me pediron todos os recibos de contribución, todos os documentos de propiedade, cando foron adquiridos, con que foron adquiridos, e eu dito sexa de paso ante facenda xa fixen como se di vulgarmente un “streptease” total e absoluto con resultado cero, salvo esa pequena regularización como lle dixen e como poderán vostedes despois ver, no tocante a unha das sociedades Psico-Bluster a día de hoxe, non lles podo entregar a documentación está ultimada pero está aínda sen firmar a acta de conformidade que loxicamente vai a ser similar a esta, o sexa nada de nada, o único regularizar si acaso algunhas cifras que son discutibles sempre se desgravas por aquí ou desgravas por alá, en todo caso está ultimado pero non lles podo entregar de momento, a documentación desa sociedade porque non teño a acta definitiva como teño das outras. Dicirlles que desta inspección saen como verán na documentación que lles vou a entregar como dixen antes nestes últimos cinco anos uns ingresos de 641.503 euros, en cinco anos da seguinte maneira, non o escriban porque o van a ter todos, refírome aos periodistas e aos grupos van a ter copia, no ano 2007 saen de ingresos, estou falando de José Manuel Freire Couto, de ningún tipo de sociedade, de José Manuel Freire Couto, loxicamente incluíndo, os honorarios profesionais meus, e o reparto de beneficios das empresas das cuales formo parte, son dúas AlbaMaría e Freire Couto, SL, chamábase antes logicamente, agora, Psico-Bluster, porque é do psicotécnico, con nome comercial Psicotecnico Posío como moitos coñecerán, no 2007 saen uns ingresos 141.510 euros no ano, no 2008 saen uns ingresos de 133.430 euros, no 2009 saen uns ingresos de 133.657 euros, no 2010 uns ingresos de 157.315 euros e no 2011 debido a crise e que non houbo reparto de beneficios de ningunha das sociedades 76.591 euros, estes son números feitos por facenda, non son feitos por min, feitos por facenda como verán despois vostedes, son números feitos por facenda, isto é equivalente como dixen antes a miña actividade neste caso profesional, entre as dúas actividades a pública e a privada. Teño que dicir tamén isto que é importante que levo 30 anos, 30 anos, compatibilizando a miña actividade pública coa miña privada, como todos ben saben, ou se non o saben todos a maioría, eu levo compatibilizando esa actividade 30 anos, é dicir, non é que eu viva única e exclusivamente do soldo, que se podía vivir dignamente, pero debido a unha circunstancias que non veñen ao caso, e podo dicilo a grandes rasgos que de aquela e estamos falando de hai 30 anos xa había paro médico, xa había paro médico, e eu como naquel momento non tiña traballo que isto era precisamente, e está aquí o actual alcalde de Baños de Molgas, estivera contratado nada máis acabar no ano 82, estivera en Baños



de Molgas de médico, e fun ao paro, e como agora lle digo eu a moita xente nova, que é importante intentar buscarse e facerse cada un unha vida dentro do posible o seu emprego, o autoemprego, que se chama e está tan de moda, e que é de necesario, eu de aquela fixenme iso, o autoemprego porque non veía saída xa hai 30 anos, que non é o paro actual, montei unha consulta médica, con centro de urxencias de día e de noite no Xardín, como todos recordarán onde estaba antes o Gallego, enfrente do Gallego do médico, despois comprei o local que é o actual que teño agora, que mo comprou unha persoa da que vou falar despois, que lle costou 3 millóns de pesetas, que foi o meu tío naquel momento, e pagoumo e equipoumo, o acabar a carreira os meus pais, tampouco tiñan sinceramente, e comproumo el, equipoumo e pagoumo, tamén desde aquel momento, empecei a traballar, como médico na privada despois tan pronto puíden intentei compatibilizar coa pública, porque todo o mundo aspiramos a ter sueldo fixo, eso é de todos, ben, afortunadamente chegou o momento e puídeno conseguir, ese centro segue traballando durante todos estes anos, con persoal, con outro médico, eu vou esporadicamente cando poido, e con dúas persoas máis, unha psicóloga e unha auxiliar, levan traballando dende aquela, dende hai 30 anos, o médico é o mesmo, o meu compañeiro, a secretaria practicamente a mesma e a psicóloga xa a cambiei, pero unha psicóloga tamén, entón nese centro levan traballado, xerei xa naquel momento xa hai 30 anos, nun momento de paro, de aquela eran catro postos de traballo, despois eu como non estaba, seguen sendo tres, eran de aquelas e seguen sendo agora, que están vivindo dese centro no autoemprego que eu creei naquel momento catro familias, esas tres mais a miña, catro e loxicamente, agora a maiores dende que eu poiden conseguir un posto na administración, pois eu levo compatibilizando unha cousa coa outra, de aí veñen loxicamente moitos ingresos, que a xente non se explica, claro non é explicable eu enténdoo, a xente cada un ten a súa situación, cada un ten unha situación diferente, entón e menos neste momento e eu loxicamente son o primeiro que estou sensible á situación actual que estamos vivindo todos, en todo caso eu tamén, pasamos ben ven vostedes pasamos da declaración de uns anos á deste ano, que é practicamente a metade dos anteriores debido a crise.

Eso en canto a declaración da renda dos últimos anos, en canto á declaración de patrimonio que tamén me a inspeccionaron, como é lóxico, eu fixen unha declaración de patrimonio, que tamén se publicará na web tanto do Concello coma da Deputación, de 808.000 euros, eso é o que ten neste momento facenda, con esta información en principio debería ser suficiente para que todos os meus veciños, con este datos fiscais contas bancarias, bens e inmobles, que están totalmente claros e transparentes, por iso están á vista, loxicamente se fora algo ilegal no ía estar á vista, digo eu, non pero é que chama a



atención, a moita xente chámalle a atención, pois non imos ver, hai moita xente estase vendo que están ocultos noutro lado, eu se os teño declarados será porque son legais e gañados honradamente e que se podían xustificar, ese e o caso ¿non?, co cual quérese dicir que eu non teño nada que ocultar se tivera algo que ocultar houbera Facenda xa pasado pois loxicamente un informe a quen correspondera, neste caso a Audiencia Nacional a quen correspondera para que investigara, pero cerrouse a inspección, por suposto a instancia da fiscalía hai que recoñecelo e sen ningún problema máis que esa pequena sanción que comentei anteriormente, e tamén e verdade, todos sabemos os que tivemos algunha inspección de Facenda, Facenda cando inspecciona non anda con tonterías, pídeche ata o último papel, ata a última factura e verdade e que se pasa mal, todo o mundo sabemos que gardar os papeis de cinco anos todos para xustificar o cen por cen das cousas, moitas veces é complicado, pero bueno en todo caso, eu afortunadamente ese test que é o máis importante, porque de aí derivaría pois outro tipo de problemas dos cales afortunadamente non derivaron, pois eu supereino pois ben, supereino con notable alto indubidablemente, si, si, é unha realidade, eu considéroo así, ¿vale?, moi ben. Dito esto que sería suficiente, vou a ir máis alá para aclarar o que fixen para chegar aquí, vouno a aclarar moitos os que me coñecen xa o saben, coma eu sei que aínda sabendo se dubidan as cousas, aínda vendo as cousas que se dubidan nesto, pois vouno relatar, igual os aburro un pouco, creo que vaga a pena, porque estamos falando, dun tema moi serio e loxicamente para todo o mundo é importante que se informen.

Vou a empezar polo ano 1986, que tamén terán aquí a copia, si, si no 86 cando aínda non era alcalde, por suposto nin estaba casado, daquela herdei dun tío meu Antonio Martínez Martínez, que teñen aí a copia da escritura, unha escritura pública ante o notario Santiago Botas, unhas 56 propiedades, que dito sexa de paso non valen un “carajo”, pero bueno, en todo caso son montes unhas ao tempo non valían nada, agora valen algo máis, ben en todo caso, foron unhas fincas herdadas 56 famosas fincas, falase aí de 60 propiedades, da a sensación de que son aquí o de “gil y gil”, ou algún deses, pero en todo caso eso está aí e pódese ver, 56 fincas que a maioría delas ao mellor non teñen nin 1000 euros de valor, e outras ao mellor nin eso, se as pos á venda non che dan nin 1000 euros, pero bueno, despois tamén, iso no 1986 foi eso, caseime no 87 a finais, e entrei na Alcaldía no 87, pois tamén antes de casarme e antes da Alcaldía, tamén teño unha escritura pública no ano 1987 do 5 de novembro, nada menos, dunha casa e dunhas fincas que me deixaron, que herdei neste caso por parte dos meus pais, a miña parte, a miña herdanza de algunha maneira por parte dos meus pais. Evidentemente o tema da miña casa quedou a parte deses que me deixaron meus pais, comprei



algunhas pequenas, e algunhas permutenas e loxicamente fixen algunhas melloras na casa coma todos saben, iso está claro. No ano 87 coma dixen antes, marca un antes e un despois, porque no 87 é cando son Alcalde e é cando me caso, acabei a carreira no 82, dende o 82 ao 87, teño estas herdanzas tanto dos meus pais coma do meu tío, pero non só eso, o meu tío aparte de esas fincas deixoume unha herdanza que é a que puido adquirir, e unha irmá que era solteira e o que el puido facer, que el estivo en Francia exiliado, dito sexa de paso foi concelleiro do Partido Socialista aquí, mira que paradojas que ten a vida, foi o primeiro concelleiro do Partido Socialista, que houbo aquí na primeira lexislatura.

Sr. Valcárcel toma a palabra:

Sabíamos que ía dicir eso.

Sr. Alcalde toma a palabra:

Bueno pois ten o carné nº 1 do Partido Socialista que aínda o teño gardado, téño eu na casa, pois ese señor, era un señor solteiro, era maestro e decidiu vir para onda min, porque lle deu a gana, así nunha palabra, e deixoume aparte desas fincas que dito sexa de paso non é que esas fincas valeran moito, pouco valen, deixoume o que tiña el de diñeiro e con ese diñeiro comprei, todo esto estamos falando antes de ser Alcalde, compre no ano 1982 ou 83 un piso en Sáenz Díez, que aínda o teño hoxe, Saenz Díez, 87-2º C, comprei máis adiante no 83 ou 84, un piso en Valle Inclán, que de aquelas aínda estaba sen abrir a calle, no nº 41-2º G, que me costara de aquela 8 millóns de pesetas, eso todo con diñeiro adquirido do meu tío, comproume e montoume coma dixen antes o Psicotécnico Posío, unha clínica médica que aínda teño hoxe coma todos saben, monteina con diñeiro del, eu non o tiña que acababa de acabar a carreira e tamén me comprou un coche hai que reconcelo, que o Eladio sabe cal era, un Ford escort roxo, un Ford escort 1100, que me costara 900.000 pesetas ¿vale?. Todo aquilo antes de ser Alcalde e un piso na Avda. De Portugal, comprouse con diñeiro herdado dese meu tío, nin era Alcalde nin estaba casado todavía, estamos falando de catro propiedades urbanas, cos seus pisos as súas prazas de garaxe, cos seus trasteros e esas famosas 57 fincas que non valen un “carajo” . Eso antes de entrar en política no 87, do 87 para adiante xa montado coa miña consulta médica privada e xa con praza de médico, non fixa pero si interina, coma dixen antes estivera en Baños de Molgas, pois a partir de aí loxicamente fun adquirindo cousas, a clínica púxena como sociedade, loxicamente para ter outros beneficios fiscais, como todos saben non é o mesmo unha sociedade que unha persoa física, se vas acumulando renda, pois entón chega un momento que non che vale a pena traballar.

Entón constituíse como sociedade coma dixen antes, primeiro Freire Couto, SL, porque aparecían moitas sociedade aí , pero é que foi cambiando loxicamente, despois acabeille poñendo Psico-Bluster,



polo de psicotécnico, déuseme por aí, en todo caso o nome comercial sempre foi o mesmo Psicotécnico Posío, clínica médica Psicotécnico Posío, Progreso 41, ent-F, calquera que queira facer o psicotécnico poder ir alí.

Coma dixen antes despois a partir do 84-85, compatibilicei esas dúas cousas, traballador do SERGAS e iso. Entón loxicamente unha vida laboral e unha vida afortunadamente froitífera dende o punto de vista sanitario, despois do oitenta e tantos que me casei, que me casei no 87, incorporouse a miña muller que está aquí, pois loxicamente tamén a facer vida social comigo, ela é enfermeira, ela ten un soldo, ese meu tío famoso, que morreu no 94, Antonio Martínez Martínez, morreu no ano 94, pois loxicamente a pesar deses pequenos ingresos que tiña, que non eran tan pequenos, pois seguiume aportando a súa pensión que tiña como mestre, ata o 94. Eu fun administrando máis ou menos coma puiden e o mellor que soupen toda esta cousa que non é tanta, parece que isto é a leche pero a verdade é que bueno depende de coma se mire pero non é nada doutro mundo, porque en primeiro lugar, a primeira parte é herdado e a segunda é a que fun adquirindo eu, a que fun adquirindo eu loxicamente unha vez que , por exemplo, un dos pisos que me había comprado cando el estaba comigo en Valle Inclán, vendino e despois comprei o piso onde vivo actualmente, en Salvador de Madariaga, vendín ese piso fai 16 anos, o que teño actualmente compreino no ano 94. Despois no 2005 comprei un piso en Sanxenxo, por 180.000 euros, non un piso coma din por aí de non sei cantos millóns, está na escritura que se pode ver, o meu piso está onde está pero no está en primeira liña de praia que está nunha calle paralela que se chama Rocafort, que non é Praia Silgar, aínda que o edificio é o mesmo, en todo caso, quero dicir con esto que a última propiedade que comprei a nivel persoal foi no ano 2005-2004, o resto dos meus ingresos funos metendo na miña sociedade, coma é normal, pero coma poden deducir vostedes se en catro anos se fan seiscentos e pico mil euros, pois en trinta, multipliquen, no será o equivalente pero, eu creo que da de si se non gastan claro, que dito sexa de paso teño un coche hai doce anos, se é outra persoa podía permitirse comprar un coche cada dous tres anos, a min no se me deu por aí déuseme por outras cousas por investir, eu creo que iso non é ningún delito, por xerar postos de traballo e xerar riqueza se podes, para min e para os que lla das evidentemente, ¿vale?, bueno entonces, eso é así.

En canto a actividade miña persoal, pois eu creo que está clara, está contrastada e non require moita máis explicación, pero eu sei que se van a preguntar, sobre todo unha vez que saiu esa información, uns e outros, varias preguntas e eu vounas contestar independentemente de que se despois teñan algunha que facer tamén lla contesto. As preguntas van ser as seguintes: ¿que relación ten vostede con



Mahia ou Maexpa?, ¿que convenio fixo vostede con esta empresa?, porque traballou aquí claro, ¿porque investiu vostede en Matosinhos?, pois ben voules contar, voules contestar a estas tres preguntas sen necesidade de que en principio vostedes mas fagan porque seguramente coma é lóxico coma llas faría eu a vostedes, faríanas, pois ben, en primeiro lugar direi que A Valenzá é o que é, como todos saben, gracias, gracias a min non, gracias ao desarrollo urbanístico, ise desarrollo urbanístico foi feito, loxicamente pouco a pouco, coma todos sabemos, pero entre outras cousas, hai que recoñecelo gracias a xenerosidade dos veciños de A Valenzá, e digo eso e digo ben, porque os veciños da Valenzá dende o principio, gracias a este señor que está aquí ó meu lado, que é o que empezou comigo, e algúns máis que non están pero que foron concelleiros, pero especialmente el que moita xente o critica e tiñamos máis de un que reflexionar e saber o porqué chegamos a onde chegamos, pois empezamos coma todos saben ensanchando a travesía da Valenzá que era una camiño de carros case, que non collía máis dun coche en moitos sitios, os veciños fiáronse de nós, daquela corporación de hai 25 anos, fiáronse de aquela corporación foron cedendo os seus cierres, tiraron cos cierres, e ensancharon a calle, fixeron unha calle coma é hoxe, que aínda foi modelo a seguir, en algunhas zonas limítrofes incluso na cidade de Ourense, en canto ao ensanche de aceras, ensanche de calle, aquilo foi o primeiro, despois o Concello de Barbadás, tiña moitísimas carencias aínda ten pero de aquelas tiña máis porque non había nin un so m² de terreo dotacional, porque era un pueblo, Barbadás coma todos saben era un puebliño, e A Valenzá máis, na Valenzá había 300 veciños ou 200, se os había, entonces aqueles veciños intelixentes penso eu, que se fiaron dunha xentiña coma nós, daquela acabábase de chegar que eramos unha pipiolos, pero non eramos tan tontos penso eu, porque realmente demostrouse co tempo, e Manolo incluso coma era de alí da Valenzá, tiña a súa credibilidade e eu estaba aquí de médico, pois empezamos intentando loitar por transformar este pueblo e darlle unha mellor calidade de vida e unhas mellores servizos, e unha das primeiras cousas que intentamos unha vez que había unhas carencias descomunales, foi intentar darlle dotacións e levounos moito traballo hai que recoñecelo ó principio, porque a xente en Galicia somos moi pegados ó terruño e loxicamente soltar o terreo á xente costáballe moito, pois empezamos a facer o que vou a explicar eu, con relación a este señor a facer convenio urbanísticos para poder conseguir suelo dotacional, o primeiro convenio urbanístico que fixemos aquí, estando incluso outros concelleiro que non están agora do Bloque e do PSOE que nos costou barro e fariña que eles non o aprobaron, foi para conquistar os terreos para o primeiro colexio público, que non había terreo non había un metro alí para colexio público nin para zona verde nin para nada, conseguimos dun tal Manuel Ramos,



daquela un convenio urbanístico no cual se fixo o colexio público e conseguimos despois facer unha zona verde que onde hoxe está o Parque dos Patos, pero claro aquel convenio urbanístico, non era suficiente, porque unha cousa era o colexio e outra cousa era a zona verde de onde o río, todos os terrenos que están pegados ó río, gracias volvo a reiterar unha vez máis e non me cansarei de decilo, que a xente que ven de afóra critica e non entenden, pero gracias ós veciños que foron generosos os de sempre de A Valenzá, os de sempre, hoxe teñen ó mellor moitos deles a posibilidade de ter unha vivenda alí, porque aqueles señores generosos e intelixentes tamén hai que recoñecelo, firmaron convenios co Concello para ceder gratuitamente, gratuitamente, os terrenos que aínda moitos hoxe non os cobraron, muchísimos, aínda hoxe non cobraron un duro e xa se están servindo os veciños todos das zonas verdes que quedan pegadas ó río e eso foi porque nós lle inspiramos confianza, senón non nolo houberan cedido, porque nadie cede o terreno nin de coñas, a ver a si sin cobrar nada ¿vale?, pois aquí os veciños todos que son máis de cen en total, nunha primeira fase, fixemos o Parque dos Patos, e o colexio público primeiro o Filomena Dato, tamén se conseguiron aqueles locais todos, que están nos baixos, Protección civil, Gardería infantil, Centro da terceira idade, todos esos foron con convenios urbanísticos desa xente, primeira fase, segunda fase de convenios urbanísticos, estaba crescendo tan rápido A Valenzá, que xa facía falta outro colexio e facía falta dotar piscinas, campo de fútbol, todas esas cousas, pois na segunda fase xa, nos anos noventa e pico, tivemos que seguir cunha parte de convenios urbanísticos que ao principio nos costaron moito pero despois ao final foron xa máis fáciles, y conseguimos facer convenios urbanísticos con moitísimos veciños da Valenzá, empezando polo señor Amancio e familia toda, donde se ubicaron as piscinas municipais, que se fixeron as piscinas antes de ter desenvolvida a urbanización, gracias a eles, senón a urbanización ao mellor non se houbera desenvolvido nunca, o capital privado ven se o público lle facilita a entrada e ve que é rentable vir ¿vale?, bueno pois fixemos convenios urbanísticos con multitude de xente co señor Amancio, con todos con Venerando, con todos aqueles que cederon terrenos anticipadamente, unho para as piscinas outro para o campo de fútbol, outro para o polideportivo, outro para zonas verdes y entre eses convenios urbanísticos daquela xa chegara aquí A Valenzá a comprar terrenos, como moitos máis construtores, un señor que se chama Ramón, que é o promotor do grupo Maexpa, xa chegara á Valenzá tamén, ese señor xa había comprado muchísimos terrenos que estaban recalificados, el comprounos despois xa recalificados a maioría deles, algunhos aínda estaban en trámite ¿vale?, y o Concello necesitaba, como todos ben saben urgentisimamente como os outros pero iste máis porque presionaba a poboación para conseguir un segundo colexio, para conseguir un



segundo colexio que é donde está agora o do Ruxidoiro, esta empresa había adquirido aqueles terrenos no seu terreno y o Concello fixo un convenio urbanístico con el, como fixo antes co Amancio, como fixo antes co Venancio, como fixo antes co Adolfo, como fixo antes co Ramos, y como fixo con todos ¿vale?, y nese convenio urbanístico incidía o terreno o grupo escolar y o Concello lle permutaba previa valoración dos informes técnicos, de todos os técnicos competentes na materia arquitecto, aparejador incluído, cedíalle a edificabilidade que lle correspondía cuando se desarrollara o AR-1, que se desenvolveu despois de habelo cedido, a todo isto nos dispuxemos dos terrenos moito antes, tanto para o colexio, como para as piscinas, coma para o campo de fútbol, como para as zonas verdes, moito antes de desenvolverse o AR-1, porque dito sexa de paso senón houbera eses servizos ao mellor nunca se houbera desenvolvido, e se nunca se houbera desenvolvido, neste momento, hoxe, seguramente non houberamos tido nin piscina, nin campo de fútbol, nin colexio, nin A Valenzá en vez de ter 10.100 habitantes, tería pois 4.000, 5.000, ou 6.000 non o sei, pero en todo caso eso todo foi unha visión que tivo aquel equipo de goberno no seu momento, que gracias a aquela gestión, pois A Valenzá chegou a onde chegou, y aí está. Entón a relación con esta empresa, vou por aí, vou por ese convenio urbanístico como viñeron antes os outros, como veu o do Ramos anteriormente como viñeron como dixeran antes o do Amancio e compañía, esta empresa logicamente fixo aquí un convenio que aí está que se pode ver, aprobouse por unanimidade coma todos os outros, estivo exposto ao público, non houbo ningún tipo de alegacións, con todo como ten ser logicamente, é un mais, non vou dicir que sexa específico destes señor, nin que haxa un fantasma aí, para nada, se pode ver, e está a disposición de todo o mundo, como é normal, ¿vale?. A segunda pregunta ¿que relación ten vostede con Maexpa?. Ningunha, con Maexpa eu non teño ningunha relación, non tiveron absolutamente ningún tipo de relación mais que a típica de alcalde y logicamente se firmaron estas cousas, estes convenios como se firmaron cos outros, bien, ¿por que entón vostede está en Matosinhos con iste señor?. Pois moi sencillo, vamos a ver, este individuo é un empresario, como é o Ramos, como é o José Ramón, como é multitudes que hai por aí, este empresario, incluso nós desde o INORDE, fixemos misións comerciais con moitos empresarios a Europa do este, iste concretamente incluso veu connosco a Polonia, fixo alá unha urbanización, en Cracovia, estaba intentando expandirse, nós desde o INORDE, logicamente como viñeron outros máis de Ourense, muchísimos de Ourense foron connosco, veu Coren, viñeron os das ambulancias, viñeron multitud de empresarios connosco a facer misións comerciais, e bueno, pois iste individuo, coincidimos logicamente falamos, nós fumos con el incluso no avión, esas cousas que se fan, y falamos de Matosinhos, el me decía de que estaba construíndo alá,



moi ben, entonces eu casualmente, aquí o fillo do porteiro, Serafín, que se jubilou hai pouco tempo, ten o fillo en Matosinhos, que é o gerente de Cosaga, en Matosinhos, xa saben que neste momento, nestes últimos anos, en Portugal había moita carencia de médicos, e Cosaga, pois fixose agora coa gestión de moitos centros hospitalarios, concagestión, como gestión privada, y este rapaz pues bueno se encargou alá, encargárono alá os de Cosaga e fixo camiño alá, que lle ten ido moi ben, incluso está aí a muller que volo pode decir, tenlle ido afortunadamente moi, moi ben, y bueno falamos que como estaba aquilo, que a medicina está moi ben, e bueno estas cousas ¿vale?, etonces oye, dixen pois, péreceme que, fun hasta alí un día con el, me enseñou y vai facer a miña rapaza odontoloxía pois o mellor eiquí hasta el agora montou alá unha clínica, o Rafa, hasta eu me vou a animar eu a vir para eiquí, y digo é que, a verdade é que, esto que estás facendo tu aquí é unha bicoca, porque os médicos ganaban moito máis alá que ganaban aiquí, bien, entonces, este señor, estaba construíndo aquí, este señor tamén estaba construíndo en toda España, en moitos sitios evidentemente, si algo me molestou a min o da revista foi que me relacionen aí con el, con outro señor que é alcalde non sei donde, vamos a ver, os problemas que poida ter este señor, con ise alcalde, ou o sr. alcalde con el, eu logicamente os ignoraba os ignoro, y non sei se é verdad o que dice a revista ou non é verdad, eso en primeiro lugar, en segundo lugar, iste señor leva construído, coma dice a revista tamén, en toda España, y fora de España, y é máis en Galicia me parece que dicía e creo que é verdad, despois de Fadesa, era a empresa que máis construía en todo Galicia, un volume importante y que eu sepa polo menos ise alcalde tuvo un problema en Castilla León creo que é, pero que eu sepa non ten tido problemas en ningún lado, eu tampouco conocía eu nada de eso, el conmigo nunca tuvo ningún tipo de propuesta rara, nin nada polo estilo, el eiquí firmou unhos convenios, regulados, informados, y expostos ao público sen ningún tipo de problema y nada máis, é decir, entonces el, como xa lle puxen falando do tema de Matosinhos, ven hasta alí, e tal, algún día con Rafa fun, y vin aquilo, e outras veces fun solo, y decidín pois efectivamente, pois vouno a intentar, ¿total?, ó fin e ó cabo, pois incluso dito sea de paso, alí as propiedades, se alquilaban muchísimo mellor que aquí, porque hai menos oferta de construción, aquí ultimamente había muchísima, y alí as propiedades se alquilan mellor que aquí, y entonces oes, cada un co diñeiro vai para onde quere, decidín invertir alí, y dito sea de paso a este señor compreille algunhas propiedades, y unhas llas paguei y outras llas estou pagando ao banco, non a el claro, y punto y esa é a relación que teño eu con esta empresa, o sea, que non ten trampa nin cartón, y por eso eur estou completamente tranquilo y expoño aquí publicamente y é máis, aínda que o expoña, a min podían crerme ou non crerme, pero é que me fixo unha inspección facenda da empresa de Portugal



AlbaMaría, de tódalas contas, tódalas contas, de movementos bancarios, que tuven, aínda agora mesmo acabame de pedir o 2012, a min non alá a unha persoa que teño alá encargada deso, o 2012 por si había aínda algo, o 2012 vouno declarar o que me dixeron, dito sea de paso, pero bueno todo o que sea y vou declaralo e non vai pasar absolutamente nada, entón as preguntas que supoño que querían facer, era ese tipo de relación, porque a da porque non a da, pois sonlle esas non hai trampa nin cartón, eso é o que hai, y vou mirar se teño algún papel máis escrito porque a verdade non sei si teño máis que dicirle.

Bueno vamos a ver, eu sinceramente creo que non lle vou dar máis a lata, esto é o que lles tiña que decir, y agora o que lle dixen llo vou a dar documentalmente parte del, o que lles estaba comentando voulo a dar aos medios de comunicación, teño creo que nove copias, se hai que facer algunha máis, se fai non hain ningún tipo de problema, quero empezar dándolle unha e despois explicarei en que consiste cada unha á oposición neste caso ao BNG, ao Partido Socialista, y ós medios de comunicación que queiran algunha copia dareilla gustosamente, que se identifiquen e llo dou por suposto, claro. Bien, se alguen necesita agora, lles vou a aclarar en que consiste cada unha desas, se lles parece ben. Vamos a ver, a primeira pódena ver aí é a acta donde me citan a declarar a inspección tributaria, aí xa ben que pon subrayado o que me piden, pídenme, bueno fáltanme arriba está sin subrayar, un imposto para persoas físicas, 2007-2010, e o imposto do valor añadido do 2010, e pídenme unha declaración do IRPF, complementaria e certificacións de rendimentos que los sustentan, declaracións y libro de contabilidade en soporte informático de la entidad AlbaMaría, promotor bienes e inmuebles, a maiores despois me pediron o de Psico-Bluster que é o que están analizando, por eso non o teño aínda, estas están listas a outra está lista pero sin me dar a documentación, extractos de los movementos de contas de Caixa nova de tódolos, tanto de AlbaMaría como personales, que aquí non ven como os da miña muller, que a miña muller non a tiñan que meter neste, porque ela non ter nada que ver conmigo neste aspecto, pero bueno, ela tamén foi investigada y saliu absoluta totalmente de cero, sin nada sin sanción ningunha, documentación de adquisición de bienes, inmuebles y recibos del IBI, certificacións, iso está aí, ese é o primeiro documento que vostedes teñen, o segundo papel que teñen é onde me fan as liquidacións, pónolle subrayado en amarelo porque o resto todos son conceptos que ten a declaración da renda, pero o importante pois é, logicamente, é onde ven a base imponible que nunhos casos ten unhas cantidades y outras donde pon bases liquidables de ahorro, que esto serían os beneficios empresariais do reparto de beneficios de cada unha das empresas, por anos. Despois aí ten o expediente sancionador procedimientu abreviado, e aquí é donde xa se me fai o expediente



sancionador, que concluye coa infracción de 16. 498 euros, que o teñen aí vostedes, eso nun caso, no outro, con 0,0 que é a do IVA, ben ven vostedes que teñen aí, cuota 0, recargos 0, interese de demora 0, y deuda 0, unha 0 e outra 16 mil euros, despois tamén lles paso un papel, no que poño, e o que dixen anteriormente, do IRPF, dos cinco últimos anos, a declaración de patrimonio e as participacións en Psico-Bluster, e as participacións en AlbaMaría. Despois deixei unhas copias das carátulas por non darlles a documentación enteira porque me parece absurdo, porque obviamente xa se inspeccionou toda a gerencia tributaria a compraventa outorgada do meu pai e da miña nai no seu día a favor meu, o 5 de novembro do 87, que como dixen antes, antes de casarme e cuando acababa de ser alcalde, y as outras propiedades que estas son anteriores que son do 86, no 86, fun alcalde no 87, as famosas fincas, 56 famosas fincas, que cuando me chamou logicamente que esta aí antes a amiga Cristina Huete, aquela vez que chamou en plena campaña electoral cando me deu os nomes, bueno pois mira eso eche isto. Y esa é a documentación que lles podo dar y creo que debería ser suficiente, porque se foi suficiente para a Agencia Tributaria que solo lle faltou desnudarme de arriba para abaixo e de abaixo para arriba, pois eu creo que eso é o que hai, y estou a disposición de todos vostedes, por si teñen algunha pregunta que queren aclarar. ¿Algunha pregunta?.

O Sr. Fírvida (BNG) toma a palabra.

Boas tardes, veciñas e veciños de Barbadás, moitas grazas pola súa asistencia a este Pleno extraordinario, e despois claro de escoitar este discurso do Sr. alcalde, un ten a sensación de que acaba de escoitar o discurso que deu Rajoy o outro día, dicindo que se podía confiar en el, que teñen que ter fe, que teñen que ter confianza, pero non aporta nada máis, que agardar que os veciños confíen en vostede y que teñamos por certo todo o que nos está decindo, vostede presenta eiquí, unhas probas, unhas teóricas probas documentais sobre a súa declaración de bens, e logicamente ningunha persoa se lle ocorre meter na súa declaración da renda, na súa declaración de patrimonio e na súa declaración do IVE, os bens adquiridos de forma ilícita ou ilegal, o que se mete na declaración da renda son aquelas que se consiguen mediante salarios ou mediante actividades legais, non o que se recolle mediante actividades ilegais, ninguén é tan tonto para meter na declaración da renda o diñeiro que se cobra en negro ou os sobres que se pasan dentro do Partido Popular, digo eu que ninguén fará eso. Vostede fala de cuestiós que para outras persoas pode significar un mundo para vostedes son cuestiós menores, como 16 mil euros de sanción por un fraude fiscal, de canto era o fraude fiscal sr. Freire Couto, para que a sanción sexa de 16 mil euros, explíquenos vostede, como se pode conseguir en cinco anos, os últimos cinco anos, os anos de maior crise económica deste País en toda a historia, 141 mil euros máis



de 100 millóns das antigas pesetas, 100 millóns de pesetas en cinco anos, adquiriu este home, claro eso tendo en conta que é deputado provincial, e ten adicación exclusiva no INORDE, adicación exclusiva que o obriga a vostede a adicarse a tempo completo ao cargo para o que foi designado pola Diputación Provincial de Ourense, vostede está obrigado a prestar a tempo completo o seu traballo e os seus servizos e o seu esforzo ao INORDE, e non a actividades privadas, incluso se atreve vostede a dicir que esporadicamente acude polo seu psicotécnico a traballar alí, vostede sabe que está incurrindo nunha grave ilegalidade, que está cobrando unha exclusividade por traballar no INORDE, polo que cobra máis de 70 mil euros o ano, y acude vostede a súa clínica privada?, ¿vostede sabe o que acaba de dicir?, agardo que este pleno sexa gravado, por certo por primeira vez, a pesar da insistencia do Bloque Nacionalista Galego, é a primeira vez que se grava un pleno en Barbadás, espero que esto se grave. Despois nos di, que vostede adquire esto pola súa boa xestión empresarial, home a min esto, perdóneme pero recórdame moito ao sr. Bárcenas, vostede é un hacha nos negocios, vostede é un hacha nos negocios, vostede é a única persoa no Estado Español, que é capaz de conseguir nos peores 5 anos económicos na historia de España, 100 millóns de pesetas de beneficios, ao mellor adícase a comprar e vender cadros de arte, ¿verdade que si?, non, explíquenos de donde veñen.

O sr. Alcalde toma a palabra:

Que llo explico, non teño ningún problema

O sr. Fírvida continúa decindo:

Si, si. Vostede di que pasou un control, seica un test con facenda pública, das súas contas declaradas pero que vostede aínda non pasou, sr. Freire é o test coa cidadanía de Barbadás, o test cos cidadán do Concello.

O sr. Alcalde toma a palabra:

Con creces, con creces.

O sr. Fírvida toma a palabra:

Vostede non o pasou, vostede non o pasou e ten que pasalo agora.

O sr. Serafín Núñez (BNG) toma a palabra:

Os portavoces da oposición guardaron as formas, gardaron silencio, mentras vostede falou, quero o mesmo respecto para os protavoces, ¿eh?, sexa democrático compórtese

O sr. Fírvida toma a palabra:

É unha lástima, eu creo que tamén, tamén ademais de haber unha responsabilidade política, existe



unha responsabilidade social, da cidadanía deste País, á hora de amparar, de encubrir, y de facer de parapeto dos políticos corruptos, y esta é unha responsabilidade social que temos todos, e todas nós. Estou falando deste Pleno igual que falou vostede

O sr. Freire toma a palabra:

Vostede ten algunha acusación contra min.

O sr. Fírvida toma a palabra:

Non, eu estou falando deixeme que llo explique, deixeme que llo explique, claro que si. Si, si, sr. Freire, claro que si. Da igual que levanten a voz, da igual que se alporicen, si, é certo,

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Pídolle que actúe do mesmo xeito que noutras ocasións cando a vostede non lle conviña.

O sr. Fírvida toma a palabra:

É certo que existe responsabilidade de toda a cidadanía á hora de amparar a corrupción en todo o Estado Español, si é certo. Ben, vostede fala de xerar riqueza e postos de traballo, sr. Freire Couto dígame que produce vostede, onde ten as súas fábricas, que transforma, que vende, que servizos produce para esta sociedade, que servizos lle ofrece á cidadanía, cantos postos de traballo ten vostede creados ademais dos que regala no Concello de Barbadás e na Deputación Provincial de Ourense, cantos postos de traballo ten vostede creados nas súas empresas, canta xente traballa na empresa que vostede ten en Matosinhos- Portugal, canta riqueza ten vostede creado para esta sociedade que a vostede lle aportou 100 millóns de pesetas.

O sr. Alcalde toma a palabra:

Máis ca vostede, bastante máis ca vostede.

O sr. Fírvida toma a palabra:

¿Vai a seguir interrumpíndome?, é increíble así non se pode. Sr. Freire non perda os nervios, nós escoitamos pacientemente a súa intervención, sexa vostede respetuoso y educado e faga o mesmo coa intervención dos membros da oposición, temos tanto dereito como vostede a facer a exposición que nós queiramos, sr. Freire temos o mesmo dereito que vostede a explicarnos. A información saída recentemente nun medio de comunicación de ámbito estatal, non é nova para nós, é unha información que xa saliu, xa se fixo referencia en agosto do ano 2012 no periódico El País, unha información semellante á que agora recolle a revista Interviú, onde se recollía tamén, onde se denunciaba o patrimonio e os enchufes que son típicos e habituais no Concello de Barbadás e o patrimonio do sr. Alcalde, a raíz de aquela información aparecida no periódico El País, o Bloque Nacionalista Galego,



presentou unha moción no Pleno do Concello de Barbadás, solicitando que se fixese público o patrimonio e as rendas de todos os membros da Corporación Municipal de Barbadás, aquela moción foi aprobada por todos os grupos políticos, pero nunca houbo vontade política por parte do sr. Alcalde, de facer público ese patrimonio, de facer pública esa declaración, porque nós entendemos que algo tiña que agochar, porque entón non entendemos porque non quixo fixo facer vostede público os acordos que os que alcanzamos no Concello de Barbadás, non hai que esperar á Diputación aquí se pode actuar, non hai que esperar a Diputación aquí se poden, en moitas ocasións, non é a primeira vez que o Bloque Nacionalista Galego, non é a primeira vez que o Bloque Nacionalista Galego, ten denunciado a política do Partido Popular no Concello de Barbadás, si damos un salto 10 anos atrás no tempo, atopámonos co tempo en que se facía a elaboración e aprobación do Plan xeral de ordenación municipal do Concello, naquela altura o Bloque Nacionalista Galego, xa denunciou a vostede por defender intereses urbanísticos que agora se confirma as súas relacións ca empresa Mahía. Exemplos deles, só tres exemplos deles, que eu vou por agora son desas relacións que vostede ten na defensa dos intereses da Constructora Mahía, o primeiro deles, inventaron un vial de acordo co Ministerio de Fomento, un vial que iba desde o río onde está o Campo de fútbol dos Carrís, e que tiña acceso á estrada nacional que vai cara a Celanova, un vial que era absolutamente irrealizable, que vostede sabía perfectamente que non se podía construír ese vial, polo íngreme que é o terreo, pola pendente que ten e sen embargo vostedes contaron co apoio de Fomento e incluso, na memoria do propio Plan xeral de ordenación municipal do Concello, recóllese que sería o Concello quen subvencionase parte desa obra, eso permitía ás empresas constructoras que tiñan terreos na área de reparto, que rodea esa zona a aumentar a súa edificabilidade, porque sen ese vial a Xunta de Galicia, non podería dar autoridade ao Plan xeral de ordenación municipal de Barbadás, era necesario ter unha saída de escape para un volume de poboación, de arredor de 15 mil habitantes y era obrigatorio apostar por novos viais.

O sr. Alcalde toma a palabra:

Eso foi aprobado no seu día sen ningún tipo de problema, usted non me pode

O sr. Fírvida toma a palabra:

Non me deixa falar sr. Alcalde, non perda os nervios, home, non me deixa falar sr. Alcalde, relato da historia nos fixo vostede nos fixo vostede da súa historia,

O Sr. Alcalde toma a palabra:

Eu fago un relato do que me pediron, e usted me está contando unha historia

O Sr. Fírvida toma a palabra:



Relato da historia nos fixo vostede nos fixo vostede da súa historia, porque eu quero demostrar a súa vinculación e interés cas empresas constructoras de este Concello,

O Sr. Alcalde toma a palabra:

Usted non pode me pode vincular en nada porque non hai vinculación, vostede pode decir o que usted queira, agora non pode demostrar nada, porque non é certo.

O sr. Fírvida toma a palabra:

Si, si sr. Alcalde, si que podo. Segundo. Si.

O sr. Valcarcel toma a palabra:

Sr. Alcalde, está convertindo esto nun galiñeiro

O sr. Alcalde toma a palabra:

Si me está falando dun plan urbanístico

O sr. Valcárcel toma a palabra:

Pero tome nota, e respóndalle o final, e o que pretende facer sempre, como está regulamentado

O sr. Alcalde toma a palabra:

¿vostede ten algo que dicirme a min? ¿ten algo que denunciarme?

O sr. Fírvida toma a palabra:

Si, si, teño, segundo.

O sr. Fírvida toma a palabra:

Sr. Alcalde, hai un regulamento aprobado por vostedes, que regulan o funcionamento dos Plenos de Barbadás, respete vostede o regulamento que aprobou. Segundo ¿onde figuran os convenios urbanísticos asinados entre o Concello de Barbadás e o grupo urbanístico Mahía, que non aparecen por ningures na páxina web do Concello de Barbadás?

O sr. Alcalde toma a palabra:

Tenos vostede a súa disposición, usted pode ir buscalos cando queira

O sr. Fírvida toma a palabra:

¿Donde están? ¿Porque non están na páxina web? ¿Por que non hai acceso a eses convenios urbanísticos?.

O sr. Alcalde toma a palabra:

Usted ou calquera ten dereito a eles, non 2002 non existía a páxina web do Concello

O sr. Fírvida toma a palabra:

Pero existe agora. 1993, aprobación das normas subsidiarias urbanísticas do Concello de Barbadás,



múdase a utilización de terreos rústicos de uso común por terreos de usos comerciais, dentro dunha gran operación urbanística dirixida pola inmobiliaria Irco, Inmobiliaria reunida coruñesa, SA, con sede na rúa Menéndez Pelayo, nun polígono industrial da Coruña y esta empresa consegue con convenios co Concello de Barbadás, mudara a utilización desos terreos, que eran terreos rústicos para terreos comerciais, constrúyese o Carrefour, y expecúlase que houbo maletíns con millóns de pesetas. En aquela altura, e está denunciado

O sr. Alcalde toma a palabra:

¿Vostede que dice?

O sr. Firvida toma a palabra:

Está denunciado y publicado nos medios de comunicación. Esto non é novo, por certo.

O sr. alcalde toma a palabra

¿Usted pódemo demostrar?

O sr. Fírvida toma a palabra:

Que está publicado na prensa si, podo

O sr. Alcalde toma a palabra:

Usted vaimo a demostrar nun xuzgado, pero con toda garantía, mañá pola mañá usted vai usted a ir o xuzgado de guardia connigo, a explicarme a ver onde hai eses maletíns

O sr. Fírvida toma a palabra:

Que si, fágao, fágao sr. Alcalde, nos fará un gran favor, nos vai facer un gran favor, fágao, pero non o faga de boquilla, fágao. Que houbo maletíns con millóns de pesetas

A sr. Anxela González (BNG) toma a palabra:

Expecúlase, expecúlase. Deixe ao compañeiro acabar

O sr. Aclalde toma a palabra:

Eu non estou nervioso para nada. Expeculei eu algo?

O sr. Firvida toma a palabra:

O que acabo de decir sábese porque está publicado nos medios de comunicación, por certo,

O sr. Alcalde toma a palabra:

Usted o sabe mo vai demostrar no xuzgado

O sr. Firvida toma a palabra:

Si, si.

Leva moitos anos, leva sr. Freire moitos anos gobernando este Concello, baixo a sospeita, leva moitos



anos gobernando baixo a sospeita da corrupción, concelleiros de urbanismo do grupo de goberno do Partido Popular foron e son e foron constructores, moitos, moitos concelleiros do Concello de Barbadás, tiveron relacións directas coa construción, moitos deles foron concelleiros de urbanismo durante 16 anos, algúns 8 anos, y outros despois cambiaron o nome da concellería pero seguiron intervindo na construción deste Concello, as vinculacións do grupo de goberno do Partido Popular do Concello de Barbadás y urbanismo no noso Concello y o crecemento urbanístico explícase clarisimamente si miramos cal era a configuración dos grupos políticos, que presentaba vostede, cheo de concelleiros relacionados directamente con constructores deste Concello,

O sr. Alcalde toma a palabra:

¿Ten algo de malo eso?. Gracias a eles que nos abriron os ollos, de algunha maneira fixéronnos funcionar urbanisticamente A Valenzá

O sr. Fírvida toma a palabra:

Podo seguir falando, vaimo seguir interrompindo, algúns abríronlle os ollos e outros o peto. No desenvolvemento do actual PXOM

O sr. Alcalde toma a palabra:

¿Usted pódeme a min demostrar algo deso?

O sr. Fírvida toma a palabra:

E vostede pode dicir todo o que está dicindo interrompíndome sin parar

O sr. Alcalde toma a palabra:

Eu podo dicir o que digo, usted si que non pode dicir o que non é verdade, porque se non, vaise ver conmigo nos xuzgados seguro

O sr. Fírvida toma a palabra:

ojalá, ojalá, pero fágao, pero fágao. Non amenace, fágao

O sr. Alcalde toma a palabra

Non amenazo non, amenazame vostede a min, que me está chamando a min o que non son, ¿vale? Y eu non lle tolero nin a usted nin a nadie, salvo que mo desmostre, si usted mo desmostra teño que fastidiarme, ¿eh?, pero si usted non mo demostra, non llo tolero nin a usted nin a nadie

O sr. Fírvida toma a palabra:

Si me deixara falar ao mellor podía demostrarllo, si estivera atento ao mellor podería demostrarllo, si atendera. No desenvolvemento do actual do Plan xeral de ordenación municipal de Barbadás, está prohibido pechar fincas pechadas, con grupos de casa dentro, pero curiosamente, curiosamente, hai



unha única finca pechada en todo o Concello de Barbadás, que se atopa nas Lamas, onde hai un grupo de casas que construiu o grupo urbanístico Mahía, e donde vive unha concelleira do Partido Popular, pero son casualidades, eu xa sei que todo isto son casualidades, eu creo que tamén debería darse explicacións de eses cambios no Plan xeral de urbanismo, e como pode ser posible

A sra. M^a Consuelo Vispo (PP) toma a palabra:

Eso no te lo consiento ¿eh?, no te lo consiento

O sr. Fírvida toma a palabra:

Bueno, xa sabemos quen é a concelleira, xa sabemos, xa o sabemos, bueno ¿podo seguir?, eu vou seguir, pero e que entónce empezamos con diálogo

O sr. Alcalde toma a palabra:

Non llo consinto e voulo a explicar

O sr. Serafín Núñez, toma a palabra:

Hai un regulamento que aprobaron vostedes

O sr. Fírvida toma a palabra:

Empezamos con un diálogo,

O sr. Alcalde toma a palabra:

O turno de palabra acabouse porque xa levan polo menos media hora,

O sr. Fírvida toma a palabra:

Non sr. Freire, non nos vai a calar. Non sr. Freire, vostede estúvonos, estúvome interrompindo sin cesar, vostede falou 57 minutos, e a min non me deixa falar 7 minutos, y encima me estivo interrompindo, vostede y os seus acólitos

O sr. Alcalde toma a palabra:

Espere un momentíño, mire o Pleno era monográfico, era sobre un tema

O sr. Fírvida toma a palabra:

Pois estou falando do Pleno

O sr. Alcalde toma a palabra:

Deille a palabra a vostedes, por se tiñan algunha pregunta

O sr. Fírvida toma a palabra:

Si, teño preguntas

O sr. Alcalde toma a palabra

Espere, espere



O sr. Fírvida toma a palabra:

Vou pasar as preguntas

O sr. Alcalde toma a palabra:

Vostede en vez de facerme preguntas, está facendo un relatorio con mentiras e con calumnias, ¿entende? Que non lle permito que faga

O sr. Fírvida toma a palabra

Vou pasar as preguntas

O sr. Alcalde toma a palabra:

Falando dunha concelleira que legal e honradamente comprou esta vivenda e que está pagando ¿vale? Y si a urbanización ten unhas características concretas, tenas porque se lle autorizaron desde o punto de vista técnico e as pode ter, non porque viva a concelleira nin moito menos, nin porque sea de Mahía

O sr. Fírvida toma a palabra:

Sr. Freire, ¿podo seguir?

O sr. Alcalde toma a palabra:

Si esquematiza, si

O sr. Fírvida toma a palabra:

¿porque non espera ao seu turno de réplica para constestarme? ¿podo seguir?, ou vai a seguir interrumpíndome e despois vaime decir que non teño dereito a seguir

O sr. Alcalde toma a palabra:

O Pleno organizoo eu, teñen dereito

O sr. Fírvida toma a palabra:

¿Esta é a súa maneira de entender a democracia?

O sr. Alcalde toma a palabra:

Ten dereito a facer unhas preguntas e si as fai ben e sinón quítolle a palabra punto.

O sr. Fírvida toma a palabra:

Seica o poño nervioso, porque non me deixa falar

O sr. Alcalde toma a palabra:

Home, vostede me está soltando aquí un rollo

O sr. Fírvida toma a palabra:

Tanta transparencia, tanta transparencia, que rollo falando da súa familia e de todo o que lle pasou nos



últimos 50 anos?. Tanta transparencia e agora resulta que non nos deixa falar

O sr. Alcalde toma a palabra:

Era un pleno monográfico sobre un punto, usted quereño trasgiversar y non llo tolero

O sr. Fírvida toma a palabra:

Eu estou falando do que dixo vostede, o que lle teño que recoñecer, sr. Freire, e que vostede ten dotes de visionario, eso si que é certo, porque cando vostede constituyete e crea a empresa en Matosinhos-Portugal, que é o día 1 de xaneiro do ano 2004, a súa filla ten 14 anos e vostede xa sabía que iba a ser odontóloga e que iba a traballar en Portugal, alucinante, absolutamente dotes de visionario, pero era bo pasar as preguntas. Vou pasar as preguntas, xuntamente con outras mentiras que dixo vostede, como que o Policía Local que é o seu sobriño, que xa tiña estudiado dereito antes de ter ocupada a plaza de Policía Local e non é certo, acabou a carreira despois. Non antes.

O sr. Alcalde toma a palabra:

A plaza de cabo, non a de Policia, non se meta usted con quen non lle corresponde porque está todo legal e a usted non lle corresponde.

O sr. Fírvida toma a palabra;

Si que me corresponde

O sr. Alcalde toma a palabra:

Non lle corresponde, porque vostede sabe que eso foi por un proceso normal e legal

O sr. Fírvida toma a palabra:

Eu son un representante dos veciños de Barbadás e si que me corresponde facer preguntas, malia que lle pese algunhas persoas, si que o son, a democracia púxome aquí.

Sr. Freire pode decirme vostede, pode contestar vostede, si ten, sr. Freire pode contestar vostede si ten trece pisos ou vivendas da súa propiedade?.

O sr. Alcalde toma a palabra

Pois non é verdade

O sr. Fírvida toma a palabra:

Si ten catro empresas, dúas delas en Portugal?

O sr. Alcalde toma a palabra:

Non é verdade

O sr. Fírvida toma a palabra:

Si ten dous baixos no que nun deles está unha oficina da empresa de construción ou estivo Maexpa?.



E da súa propiedade ese baixo

O sr. Alcalde toma a palabra:

Non

O sr. Fírvida toma a palabra:

ten vostede outro baixo na Avda. De Celanova,

O Sr. Alcalde toma a palabra:

si

O sr. Fírvida toma a palabra:

ten 18 solares urbanos?. Ten vostede 42 fincas rústicas?. Ten cinco prazas de garaxe?. Estamos equivocados ou ten vostede máis propiedades das que acabo de citar?

O sr. Alcalde toma a palabra:

non, non está equivocado, unha parte é mentira outra parte é verdad

O sr. Fírvida toma a palabra:

Como as adquiriu vostede?. Herdou vostede os trece pisos ou vivendas?. Herdou os baixos?. Herdou as prazas de garaxe?. Herdou as fincas, ou so herdou as fincas rústicas, urbanas das que nos falou na súa primeira intervención.

O sr. Alcalde toma a palabra:

expliquei como conseguín as miñas cousas, sobre todo a Hacienda y en todo caso vostede minte con todo eso que dice que non é verdad

O sr. Fírvida toma a palabra:

Cal é a actividade mercantil de Couto-Freire, SC prescom, residencia no Polígono da Grela, provincia da Coruña?

O sr. Alcalde toma a palabra:

non existe, non existe, eu non teño absolutamente nada, eso é outra mentira descomunal, non teño nada non sei se é FreireCouto, Couto-Freire, no Polígono da Grela, nunca estiven alí, non sei donde é eso, mire usted, pero vamos e o demostro cando vostede queira, é outra mentira, e antes olvidouseme decir, ¿vale?. Nunca estiven no Polígono da Grela, é outra das múltiples mentiras que se dicen, non sei de donde sale eso, haberá algunha empresa que se chame Couto-Freire, eu non son Couto-Freire que eu son Freire Couto,

O sr. Fírvida toma a palabra:

Denúncieme vostede a un xulgado e o demostramos



O sr. Alcalde toma a palabra:

non, claro que o levo

O sr. Fírvida toma a palabra:

Sr. Freire

O sr. Alcalde toma a palabra:

vamos a ver, usted afirma que eu teño algo no Polígono da Grela?

O sr. Fírvida toma a palabra:

Eu preguntolle a vostede si o ten

O sr. Alcalde toma a palabra:

non, dígolle que non o teño nin tuven xamais

O sr. Fírvida toma a palabra:

Ben, xa se demostrará

O sr. Alcalde toma a palabra:

non, está demostrado, estalle ben claro jamás, non sei nin donde é o Polígono da Grela, así que mire usted como están as informacións que vostedes teñen, non sei nin onde é eso

O sr. Fírvida toma a palabra:

Sr. Freire ten vostede que se chama Eichoa, SL?,

O sr. Alcalde toma a palabra:

si señor, non, non, non a teño eu, pero bueno

O sr. Fírvida toma a palabra:

ten vostede unha empresa que se chama AlbaMaría, Sociedade promotora de bens e inmobles, SL, creada en Matosinhos no ano 2004, adicada a compra-venda e valores inmobiliarios?.

O sr. Alcalde toma a palabra:

si, xa o ten vostede diante, ¿si que probelma ten?

O sr. Fírvida toma a palabra:

Ten vostede pisos, fincas, propiedades en Portugal para ter a necesidade de crear unha empresa en Matosinhos para a xestión do seu patrimonio?

O sr. Alcalde toma a palabra:

vamos a ver eu invirto en Portugal, en Francia ou onde a min me de a gana co meu diñeiro ganado honradamente, ¿vale?

O sr. Fírvida toma a palabra:



vostede invirte en Portugal, e resulta que esta empresa ten cero traballadores y ten un activo de 804 mil euros

O sr. Alcalde toma a palabra:

usted ten que saber que eu invirto onde quero, xa llo dixen, que problema ten?. Ten usted algún problema con eso?

O sr. Fírvida toma a palabra:

Sr. Freire dimita vostede, polo ben da democracia, sr. Freire dimita, a política

O sr. Alcalde toma a palabra:

eso é o que vostede lle gustaría

O sr. Fírvida toma a palabra:

a política sr. Freire, está suficientemente

O sr. Alcalde toma a palabra:

eso é o que lle gustaría que dimitira pero deben dimitir ustedes

O sr. Fírvida toma a palabra:

a política está suficientemente contaminada de persoas que se aproveitan dos seus cargos públicos para enriquecerse ilicitamente, a política e os políticos hoxe están en permanente cuestión por parte da cidadanía do Estado Español, e vostede tamén o está. Desde que saliu esa publicación todo o mundo co que falas en Barbadás, di que esto era coñecido, que era “vox populi”, que todo o mundo era coñecedor desto, que solo faltaba que estoupara a bomba y que un día tiña pensado. Esto era o conto, que todo o mundo coñecía, pero que ningún se atrevía a denunciar. A historia lamentablemente repítese, os cromos son intercambiabes, mudamos Suíza por Portugal, mudamos sobres por salarios, e temos o Bárcenas de Barbadás.

O sr. Alcalde toma a palabra:

Moi ben, mire, voulle contestar en primeiro lugar dicíndolle o seguinte, eu dimitirei cuando teña que dimitir, agora bien, mientras os veciños me apoyen, escoite por favor, mentras os veciños me apoyen e mentras non teña ningunha implicación, mentras os veciños me apoyen e mentras non teña, como teñen vostedes, o Partido Socialista imputados, que tiveron que dimitir, mentras non teña esa situación, non dimito, eu de momento o Partido Popular, mire o Partido Popular, de momento en Ourense, en toda a provincia de Ourense, non ten ningún imputado, o BNG tuvo que dimitir. Que Rosendo?, vamos a ver. En todo caso, mire, perdón, agora estou eu ca palabra, en todo caso mire, o Partido Popular de Barbadás, non ten ningún imputado, o BNG tuvo que dimitir un, espere, perdón, en



todo caso, mire, ustedes en Ourense gobernando os dous, PSOE e BNG, tiveron que dimitir un montón de concelleiros do BNG, tres polo menos, por corrupción, ese si foi por corrupción y no Partido Socialista.

O sr. Fírvida toma a palabra:

eu supoño eu que terei dereito a réplica despois do que acabo de escoitar? Por alusións

O sr. Alcalde toma a palabra:

por presunta corrupción

O sr. Fírvida toma a palabra:

non señor, os concelleiros que dimitiron do Bloque Nacionalista Galego en Ourense, acaban de salir absoltos

O sr. Alcalde toma a palabra:

están recurridos polo fiscal

O sr. Fírvida toma a palabra:

vostede si que minte, vostede é un mentiroso, está enganando a cidadanía

O sr. Alcalde toma a palabra:

eu non engaño a ninguén, e que a xente non é tonta, mire

O sr. Fírvida toma a palabra:

porque sairon absoltos de todos os cargos

O sr. Alcalde toma a palabra:

pero está recurrido polo fiscal

O sr. Fírvida toma a palabra:

non minta, non minta, home

O sr. Alcalde toma a palabra:

e o alcalde de Ourense, porque é unha persoa a que eu apreciábaa no seu día, tamén tuvo que dimitir por presunta corrupción y en Barbadás, de momento

A sr. Anxela González, toma a palabra:

Eles non sairon na Interviu coma vostede

O sr. Alcalde toma a palabra:

pero si, pero foron ó xuzgado, foron ó xuzgado como imputados, eu prefiro sair na Interviu, prefiro sair no Interviu, que eso non supón máis, que é unha revista sensacionalista, salir no Interviu a min no me preocupa, tamén saen tías desnudas, mira tú que chiste, eso non significa nada



A sr. Anxela González, toma a palabra:

que machista é vostede

O sr. Alcalde toma a palabra:

pero eso a min eso non me preocupa, pero vostedes tiveron que ir e están concelleiros do BNG e do PSOE, e alcaldes imputados, imputados, e van ir a declarar, e aquí de momento en Barbadás, non hai nadie imputado e do Partido Popular, que eu sepa tampouco, ten a palabra do voceiro, por favor estamos falando que teñen dereito a preguntas non a facerme un rolo como me fixo o do Bloque, porque senón sácolle a palabra.

O sr. Fírvida toma a palabra:

Teño dereito a unha intervención

O sr. Alcalde toma a palabra:

Acabouse que esto non é un monográfico

O sr. Fírvida toma a palabra:

Vostede ten segunda intervención fala o que quere e nós non temos dereito a réplica, mire vostede o regulamento

O sr. Alcalde toma a palabra:

Ten a palabra o voceiro do partido socialista

O sr. Fírvida toma a palabra:

Sra. Secretaria lle pido a vostede que recolla na acta cal é o regulamento do funcionamento dos plenos do Concello de Barbadás, e se non hai dereito a que a oposición teña unha segunda ocasión de réplica, díganolo vostede, é certo ou non é certo que temos dereito a réplica?

O sr. Alcalde toma a palabra:

Estamos nun pleno monográfico, teñen dereito a 5 minutos

O sr. Fírvida toma a palabra:

Aquí hai alusións directas a compañeiros nosos y estuvo mentindo á xente, polo tanto temos dereito a réplica

O sr. Alcalde toma a palabra:

Non, non, non. Aquí o único que mentiu aquí foi vostede

O sr. Fírvida toma a palabra:

E tamén temos dereito a decir algo máis

O sr. Alcalde toma a palabra:



Vale

Pola Secretaría explícase que segundo o regulamento ten dereito a un minuto de réplica por alusións

O sr. Alcalde toma a palabra:

Bueno, pues tiene un minuto despois de réplica, non hai problema, pero de momento ten dereito á palabra o voceiro do grupo socialista.

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Sr. Freire, moitas gracias, por convocar este Pleno, pero non pense que esa primeira consideración que quero facer dende o Partido Socialista, non pense que este Pleno se debe a que vostede “es gracia” que o convoca, no este Pleno está convocado hoxe por vostede, grazas a presión dos medios de comunicación, dunha revista e gracias a que o Partido Socialista, onte reclamou e incluso esixiu este Pleno e a súa dimisión,

O sr. Alcalde toma a palabra:

Si, si, e eu gustosamente o convoquei

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Pídlle que non me interrumpa, que eu respeteino a vostede.

Continúa o Sr. Valcárcel comentando que o da revista Interviu era un ruxe, ruxe e que a cidadanía reclama un desnudo integral e que o sr. Alcalde preséntase en bikini, que non fala da contabilidade B, e que fai un relatorio dos últimos 5 anos e nons dos 4 anteriores, que ten que demostrar a contabilidade B, fala de transfuguismo, de casas na Valenzá, e que ten propiedades nas que se reclama a comunidade. Pregunta se a razón social da empresa Eichoa, está na súa vivenda.

Continúa o voceiro do PsdeG-PSOE

Está ocultado información

O sr. Alcalde toma a palabra:

Para nada, donde eu son socio dou explicacións, donde eu non son socio non dou nada como é lógico

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Está ocultando información, sr. Freire

O sr. Alcalde toma a palabra:

Para nada, para nada

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Vostede fala do que lle convén, non do seu patrimonio

O sr. Alcalde toma a palabra:



Eu falo do que teño que falar como é lógico

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Vostede fala dunha sanción de 16 mil euros, e chámalle “pecata minuta”, vostede o que nos trouxo finalmente a este Pleno, foi a noticia de Interviu, é certo, ten que explicar meridianamente, meridianamete, porque a súa inmobiliaria radicada en Matosinhos- Portugal, está ubicada nas mesmas oficinas que as Promotoras Maexpa e Mahía

O sr. Alcalde toma a palabra:

Xa llo dixen antes

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Como pode explicar que non tendo empregados, nin siquera un número de teléfono de contacto pode ter activos por máis de 804 mil euros, vostede ten que explicar a que supostos acordos chegou con esas empresas, porque se están ubicados no mesmo local, compartirán gastos

O sr. Alcalde toma a palabra:

Non, no mesmo local non, pero eu teño alí unha propiedade miña, da miña empresa

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Mahía e Maexpa non están ubicados no mesmo local?

O sr. Alcalde toma a palabra:

Vamos a ver, no mesmo local hai moitos locais

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

No mesmo local

O sr. Alcalde toma a palabra:

No, no, no mesmo local non

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Eso verificarase

O sr. Alcalde toma a palabra:

No, no, está verificado, xa lle digo eu

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Porque é moita coincidencia que todas estas empresas realizaran obras importantes no Concello de Barbadás, construíndo entorno ás piscinas máis de 300, máis de 300 vivendas

O sr. Alcalde toma a palabra:

E que ten que ver eso?



O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

E coincidencia tamén, é unha coincidencia tamén que un local da súa propiedade sexa onde Maexpa tiña as súas propiedades á venda

O sr. Alcalde toma a palabra:

Xa lle dixen que había comprado, algunhas estounas pagando e algunhas xa non llas comprei a Maexpa, que llas comprei ao banco, a última concretamente compreilla ao banco que lle embargou a Maexpa as propiedades

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Eu non vou a facer todo un relatorio da historia da Valenzá en relación ao crecemento urbanístico

O sr. Alcalde toma a palabra:

Pero dígollo eu, que problema hai

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Pero si que lle reclamo, dado que vostede fala sistematicamente das marabillas urbanísticas que se fixeron aquí, que nos enseñe todos os convenios

O sr. Alcalde toma a palabra:

Tenos aí a súa disposición

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

A veciñanza chámalle a atención que todos os solares se adicaran a vivendas e especulación, os mellores solares adicados a vivendas e especulación, e seguimos buscando por unhas piscinas dignas, seguimos buscando un Centro de saúde decente, esperamos polo Polideportivo, preguntamos polo Centro de día, preguntamos polo instituto, pero o que fundamentalmente se preguntan os veciños e veciñas de Barbadás, é onde están os cartos, a que os destinou e de onde saíron fundamentalmente de onde saíron os cartos, cos que vostede traballou con Maexpa e Mahía, os acordos ós que chegou vostede con Maexpa e Mahía,

O sr. Alcalde toma a palabra:

Eso está nos convenios

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Non está nos convenios

O sr. Alcalde toma a palabra:

Totalmente

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:



Non está nos convenios sr. Freire, vostede sistematicamente, está ó carón de Maexpa é Mahía

O sr. Alcalde toma a palabra:

Vamos a ver Maexpa e Mahía, comprou a multitud de xente na Valenzá, a multitud de xente, como usted ben sabe, e co Concello, xa llo relatei antes, solo ten un convenio donde é que se fixo o Ruxidoiro, punto non hai máis

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Había incluso outro convenio que usted non o quere explicar

O sr. Alcalde toma a palabra:

Cal é? Desconozcoo. Cal é o outro, por favor?

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

O AR-10

O sr. Alcalde toma a palabra:

Que é o AR-10? No AR-10, comprou moitísimos terrenos

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Mahía tiña previsto construír 9 torres

O sr. Alcalde toma a palabra:

Mahía?

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Si

O sr. Alcalde toma a palabra:

Mahía comprou terrenos ahí, como teñen 40 mil personas aí,

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Hai un plan urbanístico no que vostede autoriza, vostede non, este Concello autoriza a construción de 9 torres que foi derogado pola Xunta de Galicia, que se tuvo que modificar por supostas irregularidades, beneficiando a un constructor

O sr. Alcalde toma a palabra:

Ese constructor é un de 40 dos que hai ahí ou 50 que hai aí,

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Outra coincidencia máis

O sr. Alcalde toma a palabra:

Pero que problema hai, ese señor, o Concello de Barbadás, tuvo a suerte entre outras, que agora por



desgracia quedouse en nada, de que ise señor e moitos dos que están aquí, intentarían desenvolver o AR-10 famoso ise, que é donde vai ir o instituto, porque dígolle unha cousa y ao mellor ustedes gobernan cando sea eso, con que non o desenvolven os constructores, ou os propietarios o AR-10, non hai terreno para o instituto, que o Concello non ten capacidade para conseguir ese terreno, salvo que sea como se fixo no AR-1, por convenios e salvo que sea que a promoción privada poña o diñeiro, non se desarrolla,

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Vostede falou nun Pleno, quérolle recordar que o Concello pode expropiar eses terreos, debo recordarllo, quero recodarllo, pero volvo a insitir o asunto deste Pleno é a súa situación patrimonial, e vostede non aclarou nada

O sr. Alcalde toma a palabra:

Vale, si lle parece pouco o que aclarei

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Volvo a reclamarlle, que nos aporte, toda a documentación patrimonial requirida, como vostede hoxe non aportou absolutamente nada, reiteramos que pedimos a súa dimisión,

O sr. Alcalde toma a palabra:

A que lle chama vostede documentación patrimonial

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Eso ten que sabelo vostede

O sr. Alcalde toma a palabra:

Eu non sei a que se refiere, a contabilidade B, pero si eu non teño máis que a A e caro me costa,

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Participación de todas as empresas nas que participa

O sr. Alcalde toma a palabra:

As participacións Psicobluster ou Freire Couto, SL ou Psicotécnico Posío, o 97% é meu, porque constituína antes de casarme, vale?. Despois en Albamaría teño o 60%, e acabáronse as empresas, punto.

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

E Eichoa?

O sr. Alcalde toma a palabra:

Eichoa non teño nada que ver, con eso



O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Nada, pero está radicada no seu domicilio

O sr. Alcalde toma a palabra:

Ben, pero non é cousa miña, que quere que lle diga

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Resulta que Eichoa está radicada no seu domicilio, pero resulta que vostede non ter nada que ver, é coincidencia

O sr. Alcalde toma a palabra:

É que a miña familia non pode ter propiedades, só poden ter eu propiedades?

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

É unha coincidencia que ademais

O sr. Alcalde toma a palabra:

Si eu como usted pode comprender, a miña familia ten dereito tamén a poder vivir como vivo eu

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

É unha coincidencia, é unha coincidencia que nesa empresa en Eichoa, é onde están as propiedades que vostede, vostedes ou vostede ten na Valenzá, é unha coincidencia, e vostede non ter nada que ver.

O sr. Alcalde toma a palabra:

Pois non, voulle decir unha cousa, que eu sepa

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

E cantas propiedades ten na Valenzá? Eichoa, cantas ten?. Vostede tampouco o sabe?

O sr. Alcalde toma a palabra:

Pois ten que ter dúas

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Dúas, eu penso que son trece,

O sr. Alcalde toma a palabra:

Pero usted que conta

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Eu penso que son trece, sr. Freire, na rúa dos amieiros, sr. Freire, vostede ten pisos na rúa dos amieiros, un edificio intelixente

O sr. Alcalde toma a palabra:

Eichoa, debe ter na rúa dos amieiros un local e un piso, un apartamentito que se está pagando



O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Que non paga a comunidade, que non paga a comunidade desde hai un ano sr. Freire.

O sr. Alcalde toma a palabra:

Posiblemente sea o inquilino

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Será problema do propietario, será problema do propietario. Sr. Freire, vostede ten propiedades na Valenzá, acláreas, decláreas, destátese, e non oculte, porque Eichoa está na súa casa ubicada sr. Freire. Sr. Freire, pídolle por favor que modere esto. Sr. Freire pido a expulsión desta persona que está insultando, modere.

O sr. Alcalde toma a palabra:

Vale, estoulle decindo, punto primeiro eu non teño nada en Eichoa, punto primeiro, estase analizando a miña situación patrimonial, non o do meu entorno todo, da miña familia, netos se os tivera, primos e demais familia, vale?. Eso punto primero, a miña está clarísima,

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

No, non está clara

O sr. Alcalde toma a palabra:

Se non está clara, mira na miña introdución, xa sabía que por moito que dixera moitos non iban creer a realidade, eu téño claro, por moito que lle diga a vostede vai seguir pensando, que teño diñeiro negro, vai seguir pensando que teño unha contabilidade B, cuando nin teño diñeiro negro nin contabilidade B, nin nada polo estilo, entonces que quere que lle diga, simplemente decirlle que acabouse a festa, “no hay peor ciego que el que no quiere ver”, a usted podo decirlle o que queira y a vostedes igual, porque vostedes non queren convencerse, agora a xente que loxicamente ten que sabelo como son os inspectores de facenda, que me analizaron toda a documentación miña e de toda a familia, toda, toda y toda, no puxeron pegas, que quere que lle diga máis? Outra cousa non lle podo facer máis, ustedes se teñen algo que aclarar vaian ó xulgado, poñan unha denuncia e que me investiguen outra vez, que problema hai?

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Vostede o que ten que facer para aclarar esta situación, sabe que é?, ou denunciar ao medio de comunicación que facilita esta información, ou autoinculparse, autodenunciarse no xuzgado, ou ben dimitir

O sr. Alcalde toma a palabra:



Todo se andará, pero vamos a ver, o de dimitir se algún día tuvera algunha imputación como teñen vostedes, os dous partidos seguramente dimitiría,

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Sr. Freire no seu partido está imputado o máximo responsable da provincia, o máximo responsable da provincia, o sr. Baltar está imputado, así que non fale dos outros.

O sr. Alcalde toma a palabra:

O máximo responsable da provincia de momento, non ten ningunha imputación, nin ningún problema, o máximo responsable

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

O ex máximo responsable da provincia. Sr. Freire vostede, hoxe, non me aclarou nada, por tanto o que debe facer é denunciar ao medio de comunicación que presentou esta documentación, ou ir ao xuzgado a autodenunciarse ou dimitir inmediatamente

O sr. Alcalde toma a palabra:

Pois seguramente o faga, eso é cousa miña. Pois si, moi ben, acabouse. Un minuto de contraréplica, sr. Fírvida, sintetice, si non é un poden ser dous, non hai problema non pasa nada.

O sr. Fírvida toma a palabra:

Mire sr. Alcalde a cidadanía de Barbadás, está pasándoo moi mal, hai xente que non ten axudas, que non ten recursos, algún deles non dan pagado nin siquiera o aluguer da casa donde viven, e van ver como se van quedar desafiuzados proximamente, e vostede non é un exemplo para eles, vostede non é un exemplo para eles. Vostede aproveitouse da vondade dos veciños de Barbadás, que posuían terreos na zona da Valenzá, que lle venderon ós constructores e vostede o que fixo é beneficiar a esos constructores para o seu enriquecemento persoal, foi así, vostede alimentou a construción no noso Concello, para poder beneficiar aos grandes constructores, a xente tamén do seu partido político y tamén polo que se ve, a vostede mesmo. A construción rodea este Concello desde hai máis de 20 anos, o crecemento urbanístico foi un “boom”, que favoreceu a especulación en canto a todo o que podía ser urbanizable, aquí sabemos que desde o Campo de fútbol dos Carrís, hasta o Carrefour iban 25 edificios, figuran no Plan xeral de ordenación municipal, 25, algunhas torres de 10 alturas, outras de 8 alturas, outras de 6 alturas, e sin embargo hoxe no noso Concello, acaba de dicilo vostede, non temos sequera un digno solar para poder facer un instituto, o único concello de toda Galiza, con máis de 4.000 habitantes que non ten nin unha sola plaza de ensino secundario obrigatorio, Barbadás, aquí se fixeron torres, onde lle petou a vostede e o seu grupo de goberno, e sin embargo non hai un lugar



acaído para facer un Centro de Saúde, aquí fixéronse máis de 3000 vivendas, pero non hai solar para facer un Centro de día, aquí construíuse por encima dos penedos, pero non hai lugar para facer unha piscina climatizada, e encima ben vostede aquí, a vendernos a súa marabillosa xestión, e ven vostede eiquí a defender a súa marabillosa xestión, a crise económica é nos últimos anos, a Xunta de Galicia ten manifestado reiteradamente a vontade e recoñecido a necesidade, de que Barbadás conte con un instituto, se non se fai o instituto é porque vostede non fixo os seus deberes e non puxo un solar a disposición da Xunta de Galiza, non foi capaz nin sequera de firmar un convenio urbanístico con todos os seus amigos, para conseguir un terreo para poder facer un instituto.

O sr. Alcalde toma a palabra:

Estamos neso precisamente

O sr. Fírvida toma a palabra:

Nin sequera foi capaz deso, incluso hoxe recoñece diante de todos os cidadáns que non vamos a poder ver o instituto proximamente porque seica o Concello non pode urbanizar ese centro. Non temos absolutamente ningún servizo público en este Concello, temos servizos dun Concello de menos de 3000 habitantes, non temos nin un so polideportivo, nin un so polideportivo aberto, sin embargo vostede ten rendas superiores a 100 millóns de pesetas, en cinco anos. Explique vostede de donde sacou toda esta riqueza. Este é solo o primeiro dos escándalos que van a saltar sobre o Concello de Barbadás, o do seu patrimonio, eu agardo que proximamente o seguinte escándalo sexa o das contratacións laborais que leva feito este Concello, nos últimos 20 anos, que a fiscalía deixe de actuar na Diputación provincial de Ourense, e veña ao Concello de Barbadás, a investigar como fixo vostede os contratos de todos os funcionarios deste Concello, nos últimos 20 anos, esa é a próxima e aquí nos vamos citar para o próximo Pleno extraordinario, para tratar ese tema.

O sr. Alcalde toma a palabra:

Moi ben, moitas gracias, ten a palabra vostede

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Aquí estamos falando non so do seu patrimonio, estamos falando do patrimonio do seu entorno familiar máis íntimo, e non quero poñer nomes, pero trátase das súas fillas e da súa dona, non sei se vostede está en réxime de gananciais ou de separación de bens, se está en réxime de gananciais, evidentemente

O sr. Alcalde toma a palabra:

Pero é que a miña dona tamén foi inspeccionada,



O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Vostede ten ubicada na súa casa, no se domicilio, no que vostede mesmo acaba de recoñecer que aí hai persoas que alí poden morar, e que poden ter bens ao seu nome. Sr. Freire se hai bens gananciais, vostede é partícipe dos mesmos, e as súas fillas tamén, e eu non quero nombrar a esas persoas, pero

O sr. Alcalde toma a palabra:

Esas persoas foron investigadas exactamente igual ca min, o que pasa e que non lle teño que dar explicacións nin a nadie,

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Estamos falando do seu patrimonio

O sr. Alcalde toma a palabra:

Non é meu, non é meu

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Aquí veu facer un paripé

O sr. Alcalde toma a palabra:

Non é meu ese patrimonio, estamos falando de dúas propiedades como máximo,

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Eso non é certo

O sr. Alcalde toma a palabra:

É certo

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Sábeo vostede perfectamente

O sr. Alcalde toma a palabra:

Seino eu

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Estamos falando posiblemente de 13 propiedades

O sr. Alcalde toma a palabra:

Pero por favor, pero vostede quere sembrar agora a duda

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Vostede incumple coas súas obrigas tributarias

O sr. Alcalde toma a palabra:

Estamos falando de dúas propiedades que estamos pagando todavía, neste momento, y que non son



miñas. Como conclusión, en primeiro lugar

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

A ver sr. Freire pedimos de novo que aclare as propiedades de Eichoa

O sr. Alcalde toma a palabra:

Xa llo estou dicindo, dúas propiedades, únicas e exclusivas e que se están pagando

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

E vostede sabe de quen son

O sr. Alcalde toma a palabra:

Si, si, son de Eichoa

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

E quenes son partícipes desa sociedade?,

O sr. Alcalde toma a palabra:

Eso a usted non lle importa, porque eu non estou nelas

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Esto todo é un paripé

O sr. Alcalde toma a palabra:

No,no,no, eu estou falando do meu patrimonio e da miña participación nas miñas empresas, y xa llo dixen co cual o resto non é problema meu, porque o resto, como lle dixen antes foi todo, todo, investigado por hacienda, o meu e o do meu entorno punto.

Como conclusión e para rematar , vamos a ver aquí todo parece ser, que todo é catastrófico, todo, non hai servicios, este Concello é un desastre, pero gracias entre outras cousas o crecemento urbanístico, vostedes dous portavoces e algunhos máis, están vivindo na Valenzá, y cuando viñeron para A Valenzá, si viñeron, será porque lles gustaba o sitio, digo eu?, non sería porque é un sitio tercer mundista, que non ten nada, que é un desastre, entonces vostedes mesmos se están descalificando, si Barbadás, ten o crecemento que ten, si está cheo de población xoven, si veu para aí é porque hai por tras unha xestión dunha serie de xente, que levamos moitos anos loitando, moitos veciños por supuesto da Valenzá, como dixéramos antes, que puxeron o seu empeño a súa ilusión nun grupo de goberno que o levou para adiante e que conseguimos facer un Concello que era un puebliño, fai unhos anos, a ser hoxe o cuarto ou quinto da provincia de Ourense, no cual é unha felicidade ver, como hai tantísima xente xoven vivindo e que é o Concello máis pujante da provincia de Ourense, y vostedes mesmos son o exponente do que eu lle estou dicindo, porque se é tan mal sitio, se é tan malo porque



queren vir xente nova para vivir, porque viñeron vostedes, porque lle gustou evidentemente

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Porque se foi vostede de Barbadás

O sr. Alcalde toma a palabra:

Vostede solos se descalifican, eu teño a miña casa eiqui, vivo eiqui,

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Porque se foi de Barbadás, porque acaba de recoñecer que ten o seu domicilio en Salvador de Madariaga, ¿por que se foi de Barbadás?

O sr. Alcalde toma a palabra:

Eu non me fun de Barbadás, querido amigo, eu vivo entre Barbadás e Ourense, que problema hai?

O sr. Valcárcel (PsdeG-PSOE) toma a palabra:

Vostede vive en Ourense, non minta, non minta, que o acaba de recoñecer aquí.

O sr. Alcalde toma a palabra:

Moitas gracias a todos, moitas gracias, concluímos o Pleno, espero que quedara claro y aos feitos me remito.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 20:45 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO